

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE ENXEÑERÍA CIVIL

LUGAR: Sesión TEAMS

DATA: 29 de xullo de 2021

HORA DE COMEZO: 11:50 h

HORA DE REMATE: 12:30 h

ASISTENTES:

Acacia Naves García-Rendueles

Alberto Franco Figueira

Alfredo Del Caño Gochi

Ana María Rodríguez Pasandín

Ana María Vázquez González

Ángel José Fariña Lamosa

Antonio José Seoane Nolasco

Fátima Davite Aguiar

Félix Sánchez-Tembleque Díaz-Pache

Fernando Martínez Abella

Francisco Alberto Varela García

Francisco De Asís Padilla Benítez

Francisco Javier Samper Calvete

Francisco Javier Taibo Pena

Guillermo Franganillo Parrado

Gumersinda Seara Paz

Ignacio Pérez Pérez

Jerónimo Puertas Agudo

Jesús Fernández Ruíz

Jose Anta Álvarez

José Sande González-Cela

Juan Alfredo Jácome Burgos

Julia Álvarez García

Julia Vázquez González

Luís Antonio Hernández Ibáñez

Luis Esteban Medina Rodríguez

Luis Montenegro Pérez

Luis Omar Álvarez Mures

María del Pilar De la Cruz López

María del Rocío Mihura López

María Isabel Martínez Lage

Víctor Barrientos Rodríguez

Viviana Barneche Naya

ESCUSAN A SÚA AUSENCIA:

Alfonso Orro Arcay

Enrique Peña González

Juan Luís Pérez Ordóñez

Margarita Novales Ordax

Preside a Sesión o Sr Francisco Alberto Varela García, director do Departamento. Actúa como secretario o Sr. Jose Anta Álvarez.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores

O secretario presenta para a súa aprobación as actas das sesións anteriores, a da reunión ordinaria do 28 de xuño e da extraordinaria do 15 de xullo de 2021. Apróbanse as actas por asentimento.

2. Informe da dirección

Profesorado

O director informa da resolución de dúas prazas convocadas previamente para a docencia da Área de coñecemento de Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogramétrica na Facultade de Ciencias da Comunicación. O concurso por procedemento de urxencia da praza 21/1001 CIS P06 foi gañado polo profesor D. Ángel Galindo González e a praza 21/6003 de Profesor Asociado P06 polo profesor D. Abrahan Dopazo García.

O director informa que se aprobaron no Consello de Goberno dúas prazas CIS P06, unha delas polo procedemento de urxencia. As prazas son da Área de Construción e están vinculadas a Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos e a Escola de Arquitectura Técnica.

Por último o director indica que foron aprobados no Consello de Goberno 3 prazas CIS P06, dúas na Área de Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogramétrica na Escola Politécnica Superior de Ferrol e na Facultade de Ciencias de Comunicación, e unha na Área de Construción na Escola de Camiños.

O director informa que profesor D. Luis Cea obtivo unha praza de Catedrático de Universidade o día 28 de Xullo, e que o profesor D. Ricardo Juncosa obtivo a acreditación para esta categoría de profesorado, polo que lle transmite os seus parabéns.

Por último, infórmase que se tivo que solicitar unha prórroga no contrato do profesor D. Eduardo Toba ata o 18 de Setembro, data efectiva da súa xubilación. Ata ese momento, seguirá dando apoio no peche dos TFG e TFM que titorizaba.

Outros asuntos

O director informa que se abre a convocatoria de bolsas de colaboración no departamento, sendo o prazo de peche de solicitudes o 10 de setembro. Tamén se anuncia que está aberto o programa nacional de recalificación do sistema universitario: as axudas a estadias de profesorado, o programa María Zambrano e Margarita Salas. O director recibiu unha

petición de apoio a unha candidatura por parte dun investigador do Grupo GEAMA e indica que dende o departamento axudárase nestas convocatorias.

O director tamén fai unha mención a unha convocatoria errónea feita a través de Teams para un consello de departamento. O director sinala que todos os membros do grupo de Outlook teñen capacidade de convocar desde a plataforma de Teams, polo que roga precaución no seu uso, e indica que desde a dirección do departamento faranse as convocatorias de modo formal e coa suficiente antelación.

Por último, o director sinala que para o vindeiro curso académico espera que dende a dirección do departamento se poidan comezar a facer novas propostas e accións. Ata o momento so se puido traballar na resolución dos problemas diarios, pero para o próximo curso lanzarase unha enquisa para poder coñecer mellor aos membros do departamento e ter os datos actualizados. É moi importante dispor dun rexistro actualizado dos profesores con título de doutor, xa que afecta a composición do consello. Tamén se comezará a traballar nunha nova páxina web.

3. Aprobación das guías docentes do Departamento

Con respecto á aprobación das Guías Docentes, o director informa que este ano os trámites dilatáronse con respecto a anos anteriores. A convocatoria do consello ben motivada pola aprobación das Guías, pero no proceso de validación atopáronse varios problemas no procedemento a seguir, na asignación de materias, etc. O director púxose en contacto cos centros para solucionar estes problemas.

O director solicita a aprobación das Guías docentes de toda as materias.

As Guías apróbanse por asentimento e trasladaranse aos centros para que se aproben nas correspondes Xuntas de centro.

4. Convocatoria dunha praza de contratado doutor da Área de Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogramétrica

Preséntase a aprobación a solicitude da profesora D.^a Viviana Barbeche Naya que ten data de fin de contrato o 2 de novembro. Como a profesora Barbeche ten a acreditación de PCD solicitarase a praza que se aprobará previsiblemente en setembro e se publicará en decembro. Como o contrato actual da profesora Barbeche rematará antes da nova oferta de praza, transformárase automaticamente nunha praza de Profesora interina de substitución a tempo completo.

O director presenta o tribunal da praza e o perfil, recorríndose a profesores de Áreas afíns (**ANEXO I**).

O director solicita a aprobación da solicitude praza, que se aproba por asentimento.

5. Quenda aberta de palabra

O profesor D. Javier Samper Calvete informa dun asunto da comisión que se formará para o novo Máster de Xestión Sostible da Auga na Escola de Camiños. O profesor Samper indica que a Xunta de Escola aprobou unha comisión con procedemento de selección, que segundo o seu xuízo, vulnera os principios básicos de garantías e non segue os principios de calidade e mérito para a selección dos membros da comisión.

O profesor Samper indica que a súa proposta de selección, baseada en méritos obxectivos, foi desdeñada pola Dirección de Escola de Camiños e os representantes da Área. Segundo o profesor Samper o procedemento está ateigado de arbitrariedades e non segue os criterios de avaliación de méritos e capacidades.

O profesor Samper indica que remitiu un escrito á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente así como o valedor Universitario, e préstase a dar máis información aos membros do Consello que así o requiran.

A profesora D.^a Isabel Martínez Lage, directora da Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos, intervén por alusións. A profesora Martínez informa do procedemento seguido que consistiu en convocar a Área nunha reunión para escoller representante, fixar criterios e membros da comisión. O último paso será a ratificación en Xunta de Escola. A profesora Martínez indica que o Consello non ten competencias nesta comisión e tamén se presta a dar máis información aos membros do Consello que así o requiran.

O profesor Samper indica que segue a esperar argumentos que rebatan a súa proposta e tamén sinala que non hai procedementos internos para os pasos a seguir polas Áreas nos procesos de decisión. Indica que este elemento si que é competencia do departamento.

O director indica que se pode estudar o tema, pero que prefire esperar a resolución da Vicerreitoría.

A profesora D.^a M^a del Pilar de la Cruz López solicita que se envíe un escrito desde o departamento á Vicerreitoría de Profesorado para que a elaboración das PDA remate a comezos de maio para así dispor de tempo suficiente para preparar o POD (3 semanas despois das PDA) e a posterior elaboración das Guías Docentes (3 semanas despois do POD).

O director comenta que se remitirá o escrito, pero tamén sinala que este ano foi completamente anómalo e que xa falou co Vicerreitor para que esta situación non volva a repetirse.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión ás 12:30 horas e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario

Visto e prace
O presidente

Jose Anta Álvarez

Francisco Alberto Varela García

SOLICITUDE DE CONVOCATORIA A CONCURSO DE PRAZAS DE PROFESORADO INTERINO E CONTRATADO

 Departamento: ENXEÑARÍA CIVIL

 Reunido o Consello de Departamento o día 29 de xullo de 2021, acordou solicitar a convocatoria a concurso da praza que se especifica:

 Categoría: PROFESOR CONTRATADO DOUTOR

 Dedicación TOTAL PARCIAL P06 PARCIAL P05 PARCIAL P04 PARCIAL P03

 Área de coñecemento: ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAF.

 Centro ao que se adscribe a praza solicitada: FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

Docencia a impartir:

Código POD	Materia
616G02018	Animación 1
616G01032	Animación 3D1

A presente solicitude está fundada nas seguintes razóns:

Prazas seleccionadas para ser convocadas con cargo á oferta de emprego público do ano 2021 coa categoría de Profesor/a Contratado/a Doutor/a.

Asimesmo, aos efectos previstos no apartado 2 do art. 83 dos Estatutos da Universidade, o Consello de Departamento acordou propoñer para formar parte da Comisión de selección aos seguintes membros:

Vogais titulares	Área	Categoría
1º: Francisco Javier Taibo Pena	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAF.	PROFESOR CONTRATADO DOUTOR
2º: María Isabel Fernández Ibáñez	EXPRESIÓN GRÁFICA DA ENXEÑARÍA	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
3º: Víctor Barrientos Rodríguez	ENXEÑARÍA DO TERREO	PROFESOR CONTRATADO DOUTOR
4º: Ricardo Antonio Juncosa Rivera	ENXEÑARÍA DO TERREO	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
5º: Francisco De Asís Padilla Benítez	ENXEÑARÍA DO TERREO	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE

Vogais suplentes	Área	Categoría
1º: José Antonio López Vázquez	EXPRESIÓN GRÁFICA DA ENXEÑARÍA	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
2º: Juan De Dios Rodríguez García	EXPRESIÓN GRÁFICA DA ENXEÑARÍA	PROFESOR CONTRATADO DOUTOR
3º: Luis Montenegro Pérez	ENXEÑARÍA DO TERREO	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
4º: Jorge José Delgado Martín	ENXEÑARÍA DO TERREO	CATEDRÁTICO DE UNIVERSIDADE
5º: Luis Esteban Medina Rodríguez	ENXEÑARÍA DO TERREO	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE

 A Coruña, 29 de xullo de 2021

O director do departamento